

VISITA GUIADA Á EXPOSICIÓN
FOI UN HOME. LAXEIRO EN ARGENTINA, 1950-1970
MARTES, 8 DE NOVEMBRO DE 2022
MUSEO CENTRO GAÍAS, COMPOSTELA

Javier Pérez Buján

BREVE PRESENTACIÓN DE LAXEIRO. OS INICIOS

José Otero Abeledo, coñecido como Laxeiro (Lalín, Pontevedra, 1908-Vigo, 1996) é quizais o artista galego máis influínte do século XX. Foi membro destacado do grupo *Os Novos*, da Vangarda Histórica Galega; un grupo de artistas mozos e rebeldes que, no primeiro terzo do século XX, reaccionaron contra o academicismo imperante naqueles anos, para propoñer unha estética diferenciada para Galicia, en sintonía coas figuracións europeas do período de *entreguerras*.

Nacido en 1908 na parroquia de Donramiro, no concello pontevedrés de Lalín, foi o primeiro de sete irmáns. Na súa infancia, que transcorreu no contexto rural galego, mostraba unha gran capacidade de fabulación e un talento precoz para o debuxo, ao que non foi allea a súa mestra, dona Teresa, quen lle regalaba pinturas e reproducións dos grandes pintores do Museo de El Prado.

En 1921, con trece anos, embarcou na Coruña no vapor *Espagne*, rumbo á Habana, a onde xa emigrara o seu pai. Traballaba de día e, polas noites, asistía ás clases de debuxo do *Plantel de Enseñanza Concepción Arenal* do Centro Galego. Entre os seus múltiples traballos, destacan o de axudante de escenografía no Teatro Martí, experiencia que, sen dúbida, influíu na concepción escenográfica de moitas das súas pinturas máis salientables. Tamén foi proxectista de vidreiras artísticas na casa Ballesteros Hermanos, un labor cuxa estética parece incorporar á súa obra abstracta, sobre todo a partir dos anos oitenta.

En 1925 regresou a Lalín coa firme decisión de dedicarse á pintura de forma profesional. Para poder facelo naquel contorno rural e gandeiro, decidiu converterse en barbeiro de feira e, como tal, percorreu toda a bisbarra do Deza ata instalarse como oficial nunha barbería en Lalín. Será coñecido como *o barbeiro pintor*. Estes anos de práctica constante do debuxo e do retrato, fixeron del un debuxante rápido e preciso e un retratista excepcional. A finais da década de 1920, comezou a publicar viñetas humorísticas en *Faro de Vigo* e, máis tarde, en *El Pueblo Gallego*. Laxeiro deuse a coñecer así, publicando nos xornais de máis tirada en Galicia, nunha época de grande auge da prensa escrita.

Primería estadía en Madrid

En 1931 obtivo unha bolsa de formación do concello de Lalín grazas á que puido estudar na *Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*. En 1932 prolonga a súa estadía en Madrid, como pensionado da Deputación de Pontevedra. Esta primeira estadía na capital (1931-1933) conforma un período moi intenso na súa formación. Polas mañás asistía ás clases, polas tardes visitaba o Museo do Prado, onde estudaba aos grandes mestres e, polas noites, participaba nos faladoiros de café do Madrid republicano onde coñeceu a numerosos intelectuais da época

Cando retorna a Galicia en 1933, Laxeiro é un artista formado culturalmente no ambiente republicano e achegado, por idade e sensibilidade, á Xeración do 27. Comeza a participar nos faladoiros de artistas e intelectuais nos cafés de Compostela e Vigo, onde se fragua o movemento Renovador da arte galega.

Primeira exposición individual

En 1934 realiza a primeira exposición individual na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago de Compostela. A mostra asombrou positivamente a intelectuais e críticos. Francisco Fernández del Riego publica en *El Pueblo Gallego* a que sería a primeira crítica na prensa dunha exposición de Laxeiro.

Naquela exposición estaban presentes boa parte dos elementos do proxecto estético de Laxeiro. Deixa entrever o seu interese por autores como o Picasso do período neoclásico, o Goya das pinturas negras, o tenebrismo de Guitérrez Solana, a expresividade xestual de Rembrandt, o expresionismo descarnado de George Grosz ou a iconografía satírica de Otto Dix, unha figuración non académica, coa que rexeitaba o costumismo da xeración anterior da pintura galega, aínda ancorada nun realismo decimonónico e nunha visión tópica da cultura popular. Laxeiro propón unha visión pouco compracente da cultura popular galega, na que a noción do grotesco atopa a súa correspondencia literaria no *esperpento* de Valle-Inclán. Utiliza unha paleta cromática tenebrista, propoñendo unha mirada diferenciada que conecta coa experiencia visual de Galicia e da Europa atlántica e serve, ademais, de metáfora representativa do pensamento máxico, característico das culturas rurais europeas anteriores á Ilustración. Nos seus acabados, súmase á *estética granítica*, unha estratexia adoptada polo grupo *Os Novos* que buscaron inspiración na escultura románica galega. A *estética granítica* caracterízase pola utilización de gran cantidade de pigmento, case sempre aplicado con espátula, que consegue texturas semellantes ao granito.

A guerra e a posguerra. Asturias, Pontevedra e Vigo

Entre 1937 e 1939 estivo mobilizado na Fronte de Asturias, onde estableceu unha fonda amizade co poeta Celso Emilio Ferreiro. En 1940 instalouse en Pontevedra como profesor de debuxo no instituto Valle-Inclán. O novo réxime político esnaquizou o proxecto renovador e os seus membros foron vítimas da represión que se materializou en morte, cárcere ou exilio. En Pontevedra pinta o mural *O manancial da vida*, que aínda se pode ver no Café Moderno.

En 1942 trasládase a Vigo, cidade convertida en motor económico de Galicia á que emigran moitos disidentes políticos do mundo da cultura, debido á súa puxanza económica. Na súa estadía en Vigo, que durou ata 1951, sobrevivía con retratos encargados pola puxante burguesía industrial da cidade, ao tempo que desenvolvía o seu proxecto estético e se relacionaba con artistas e intelectuais da cidade. Nestes anos expuxo en Bilbao, Madrid e diversas cidades de Galicia, pero o illamento cultural provocado polo réxime franquista, afogábao como artista.

En 1946 pintou *Trasmundo*, un fito na súa carreira co que deu por pechado o período granítico. *Trasmundo*, actualmente na Fundación Laxeiro / Concello de Vigo, é unha obra fundamental na historia da arte galega do século XX. Nela están presentes as características da pintura do Laxeiro da época: horror ao baleiro, cromatismo tenebrista, mestura de linguaxes e unha narrativa fascinada polo pensamento máxico da nosa cultura popular. En 1951 publicouse a primeira monografía de Laxeiro, asinada por José Ruibal en *Cuadernos de Arte Gallego*.

BOS AIRES

Exposición *Artistas gallegos*:

En 1951 foi convidado por Luís Seoane a participar na exposición titulada *Artistas gallegos* da Galería Velázquez de Bos Aires, patrocinada polo *Centro Gallego*. Laxeiro foi o único dos artistas participantes que asistiu á inauguración.

Artistas participantes: Isaac Díaz Pardo, Antonio Faílde, Carlos Maside, Julia Minguillón, Manuel Pesqueira, Manuel Prego de Oliver,

Obras de Laxeiro: período 1930-1951.

- *A Dama do abano* ou *A tía aurora*, (1934-36)
- *Carrotón de nenos* ou *Xoguete*, (1934)
- *Conto de nenos* (1951)
- *Mascarón* (1934)
- *Virxe de pano* (1951)
- *Concerto* (1945)
- *Amencer* (1940-50)

A selección de obra respondía ás características da *Estética granítica*. Polas datas das pinturas seleccionadas, parece que só fixo dúas obras para a exposición: *Conto de nenos*

que envía sen remtar, segundo unha carta que lle escribe a Seoane no reverso do cadro, e *Virxe do pano*. Luís Seoane queixábase por carta a Fernández del Riego e a Valentín Paz Andrade, de que a miera parte das obras dos artistas convidados á exposición, estaban feitas con anterioridade e botaba de menos traballos máis actuais.

Bos Aires era unha das capitais culturais de América do Sur e para Laxeiro significaba saír do illamento no que España estaba sumida dende o final da Guerra Civil. Nesta cidade abriuse cara ás tendencias internacionais do momento, inscribíndose definitivamente dentro dos códigos do expresionismo. O seu estilo vaise radicalizando e, nos anos sesenta, comeza a experimentar coa abstracción. O *Autorretrato* de 1952 da Fundación Laxeiro / Concello de Vigo, ilustra o impacto que Bos Aires causou no noso artista. A obra comezáraa Laxeiro en Vigo, seguindo o seu estilo característico da primeira época, para rematala en Arxentina, cunha factura na que xa se albisca o novo camiño que vai tomar, moi próximo ás linguaxes informalistas que atopan correspondencias con artistas como Frank Auerbach, ou o pai da *Art Brut*, o francés Jean Dubuffet.

Como vivía e de que traballaba

Nestes primeiros anos boanerenses o seu círculo social céntrase na colectividade galega, con frecuentes reunións na súa casa, na de Seoane, no local da editorial Follas Novas de Neira Vilas, e nos cafés, como o Iberia, centro de reunión habitual de exiliados republicanos galegos. Nomes como Luís Seoane, Xosé Neira Vilas, Carme Kruckenberg, Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor, Ramón Suárez Picallo, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado, o crítico madrileño Enrique Azcoaga, o crítico de arte e fotógrafo alemán Sigwart Blum, Rafael Alberti e a súa compañeira María Teresa León e Isaac Díaz Pardo, a partir da súa chegada en 1955, conforman o círculo habitual do noso artista. Laxeiro comezou moi pronto a vender obra. O *Centro Gallego* mercou unha obra de cada artista participante na exposición *Artistas gallegos*, no caso de Laxeiro foi *Conto de nenos*, e o Centro Lalín mercou *A dama do abano* ou *A tía Aurora*, para doalo ao Museo Nacional de Belas Artes (MNBA), o seu actual propietario.

Debido á súa estreita relación co mundo editorial, provocada pola súa amizade con Seoane, Neira Vilas e outros, pronto comezou a facer ilustracións para publicacións do colectivo galego, unha actividade que mantería de forma constante:

Algunhas das súas colaboracións editoriais no período arxentino:

- Fernández del Riego, Francisco. *Galicia y nuestro tiempo*, Bos Aires: Citania, 1951
- Alonso, Eliseo. *Seara de Romances*: Bos Aires: Botella al mar, 1952
- De castro, R; Pondal, E; Curros Enríquez, M. *Poemas*. París: Monte Medulio, 1954.
- González, Cándido. *Mal ollo, comedia de ambiente marineru*. Bos Aires: Lérez, Centro pontevedrés, 1954
- Molinari, Víctor Luis. *Itinerario gallego*. Bos Aires: Follas Novas, 1958
- Blancoamor, Eduardo. *La Parranda*. Buenos Aires: Compañía general fabril, Colección Anaquel, 1960
- Paz Andrade, Valentín. *Sementeira do vento*. Vigo: Galaxia, 1968
- Gayoso Frías, Alfonso. *Namoros e regueifas*. Bos Aires: Miño, 1970
- Leiva, Ángel. *Los cuerpos gloriosos*. Bos Aires: Losada, 1970
- Moreiras, Eduardo. *Os nobres carreiros*. Vigo: Galaxia, 1970

Pronto comezou a expoñer de forma máis ou menos regular, con mostras en *Los martes bohemios de La Boca* (1952), *Sociedad Iberoamericana* (1954), *Instituto Argentino de Cultura Gallega Eva Perón*, La Plata (1954), *Ateneo Iberoamericano* (1956), *Windsor Gallery*, Montevideo (1956), Inauguración do Centro Lucense (1957), *Galería Velázquez* (1958). E pronto tamén, comezou a traballar de forma regular con galerías e marchantes destacados como a *Galería Velázquez*, a *Galería Ruth Benzaacar* e a marchante *Teresa Nachman*. En 1958 nunha carta dirixida a Neira Vilas, coméntalle o ben que lle vai profesionalmente e o acerto que foi para el, decidir quedar en Bos Aires.

O panorama artístico do Bos Aires dos anos cincuenta gozaba dunha vitalidade que continuaría na década seguinte. Propostas de arte non figurativa e xeométrica, nadas a mediados da década de 1940, estaban no centro do debate, confrontadas con outros movementos, xa entrada a década de 1960, que reivindicaban a figuración como linguaxe para construír unha arte política. Bos Aires fervía e Laxeiro asimilaba todo aquilo coa actitude dun mozo ávido de información, mais tamén coa madurez dun artista cunha traxectoria propia, na metade da súa vida.

Na década de 1960, a proxección profesional de Laxeiro estaba afianzada. A súa obra volve sufrir un cambio significativo: no primeiro lustro experimenta continuamente, introdúcese en linguaxes moi achegadas á abstracción orgánica e colorista. Faise evidente unha realimentación entre Laxeiro e a realidade bonaerense da época. Movementos como o grupo *Otra Figuración* (Ernesto Deira, Luis Felipe Noé), seguramente foron influenciados polos postulados xestuais do *Informalismo* que Laxeiro introducira na pintura bonaerense anos antes.

En 1964 foi elixido vicepresidente da *Sociedad Argentina de Artistas Plásticos* (SAAP) -o que dá unha idea da súa integración no ambiente artístico e cultural da capital- desde a que asume importantes iniciativas, enfocando a asociación á loita polos dereitos dos artistas, cunha marcada posición de esquerda. Relacionouse con artistas arxentinos próximos á SAAP como Carlos Alonso, Leopoldo Presas, Vicente Forte, Alfredo Plank, Pedro Gaeta, Ricardo Carpani, Ernesto Deira e Luis Felipe Noé, entre outros.

Naqueles anos expuxo con asiduidade e pronuncia conferencias, como a titulada *El bicho creativo*, na *Sociedad Ver y Estimar*, unha proclama contra os teóricos da arte e a crítica, que causou certo rebumbio no ambiente artístico da cidade e que habería que contextualizar nas polémicas provocadas pola programación do *Centro de Artes Visuales* do Instituto Di Tella. En 1965 pronunciou outra controvertida conferencia no *Museo de Artes Plásticas de La Plata*, titulada *Los barrigas verdes y la pintura*, e realizou exposicións en Madrid e en Vigo. A finais da prolífica década de 1960, Laxeiro prepara o seu regreso a España, o que fará despois da gran retrospectiva que lle dedica a *Art Gallery International* de Bos Aires.

EVOLUCIÓN DA SÚA OBRA

Resulta moi significativo comprobar como a pintura de Laxeiro sufriu unha profunda evolución ao longo do seu período arxentino, ao tempo que conserva tamén non poucas características que a fan totalmente identificable, independentemente do seu período de datación.

En primeiro lugar, Laxeiro nunca se sentiu obrigado a realizar unha obra que respondera ás esixencias do público, o que posibilitou unha liberdade creativa na que desenvolvía varias liñas de traballo simultaneamente. Así, despois da súa chegada a Bos Aires, o artista mudou a súa pintura, mais non abandonou liñas de traballo comezadas antes do ano 1951.

En segundo lugar, o cambio que sufriu na súa obra, conserva certas características que o definiron durante toda a súa vida, como unha tendencia natural á fabulación e, en ocasións á composición escénica; un horror ao baleiro que atravesa toda a súa produción, herdeira sen dúbida, da súa admiración polo Barroco, como expresión dunha sensibilidade exuberante que atopa no exceso unha canle de comunicación axeitada.

Como elementos diferenciais, podemos citar a súa evolución cromática, unha característica ben significativa do seu estado vital que se concreta no abandono do tenebrismo e a técnica do claroscuro e na adopción dun cromatismo luminoso, frecuentemente composto por cores primarias, un fenómeno que quizais podería estar relacionado co seu estado vital, nun momento no que lle vai ben profesional e persoalmente.

No eido compositivo, malia esa constancia do horror ao baleiro, xa citado, podemos apreciar un abandono paulatino das tres dimensións e da perspectiva, co que abraza unha pintura máis esquemática, frecuentemente construída con campos de cores planas e xogos de masas en dúas dimensións, sen volume, que moi ben puidera ser produto da súa experiencia como proxectista de vidreiras na súa mocidade na Habana.

Laxeiro pinta sen complexos e, mesmo cando revisita a súa figuración granítica, faino conservando a súa narrativa, mais sen esas texturas que deran o nome a ese estilo.

Laxeiro, xa madura e seguro de si mesmo, sabe así sobrevivir a partir dunha defensa radical da súa liberdade creativa e tamén da súa individualidade, unha actitude sen a que non se entendería a obra dun dos máis grandes artistas galegos de todos os tempos.